CONCELLO DE TEO

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE NICHO NO CEMITERIO MUNICIPAL

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía do 5 de marzo de 2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía do 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que D.ª María Gil Carbajal, con DNI ***1715** presentou en data 12 de novembro de 2026 (rex. entrada nº 4864), a correspondente solicitude dun nicho no cemiterio municipal.

Considerando que a documentación presentada pola persoa interesada atópase correcta, agás os certificados relativos a estar ao corrente coa Seguridade Social e coas obrigas tributarias, achegando a estes efectos pola interesada unha declaración responsable, e obrando os citados certificados no expediente 2026/X999/000318**,** debéndose en todo caso actualizar debidamente pola persoa interesada.

Considerando que, de conformidade co previsto na cláusula 20 do prego de condicións, e tendo en conta a urxencia da necesidade de dispor de inmediato dun nicho no cemiterio municipal, habida conta de que, producido o falecemento da súa nai o 11 de novembro de 2026, o enterro terá lugar no día da data, 12 de novembro de 2026.

Tendo en conta que a contía correspondente a concesión dun nicho ascende a 1.250,00 €, a da licenza de apertura a 60 € e a garantía do mesmo a 35,80 €.

FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 12/11/2026 11:35:00)
Versión imprimible
CVD: 9BAtnV+hzGFDfwj1GJJc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

Visto o xustificante de pagamento das contía citadas, no día da data, 12 de novembro de 2026, presentado coa solicitude (1.345,80 €).

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, por medio da presente **PROPONSE** como adxudicataria dun nicho do cemiterio municipal a D.ª María Gil Carbajal, con DNI ***1715**, de acordo co solicitado con data de 12 de novembro de 2026 (rex. entrada núm. 4864).

A presente proposta deberá ser obxecto de publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Teo, na data da sinatura dixital
A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 12/11/2026 11:35:00)
Versión imprimible
CVD: 9BAtnV+hzGFDfwj1GJJc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/